

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2019 pola que se modifica a Resolución do 21 de decembro de 2018 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-acciona TIC 2019), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.*

Mediante a Resolución do 21 de decembro de 2018 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-acciona TIC 2019), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2019).

No punto terceiro do Resolvo establecíanse catro prazos para a presentación de solicitudes, que eran os seguintes:

Convocatoria	Inicio do prazo	Fin do prazo
2019.1	O día seguinte ao da publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i>	14.2.2019
2019.2	18.2.2019	21.3.2019
2019.3	25.3.2019	7.4.2019
2019.4	6.5.2019	20.6.2019

Detectado un erro na data de fin de prazo da terceira convocatoria, procede a súa modificación.

Por todo o anterior, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1

Modificar a Resolución do 21 de decembro de 2018 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos ser-



vizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-acciona TIC 2019), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, no seguinte sentido:

O punto terceiro do Resolvo queda redactado do seguinte xeito:

Terceiro. Os prazos para a presentación de solicitudes serán os seguintes:

Convocatoria	Inicio do prazo	Fin do prazo
2019.1	O día seguinte ao da publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i>	14.2.2019
2019.2	18.2.2019	21.3.2019
2019.3	25.3.2019	30.4.2019
2019.4	6.5.2019	20.6.2019

## Artigo 2

Esta modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

